

A Xunta estende a gratuidade no transporte público aos menores de 21 anos de toda Galicia desde o vindeiro 21 de maio coa utilización da tarxeta ‘Xente Nova’

- A tarxeta ‘Xente Nova’ poderá adquirirse en calquera das 213 oficinas de Abanca habilitadas nas catro provincias



- Na web ‘bus.gal’ pode ampliarse información sobre o funcionamento do dispositivo e as súas vantaxes

Esta iniciativa social activouse en 2016 nas áreas de transporte metropolitano para os menores de 19 anos, ampliouse logo aos menores de 21 anos e en xuño do ano pasado estendeuse o seu uso a toda a provincia de Ourense e a área de Pontevedra

Esta medida, enmarcada no Plan de Transporte Público de Galicia, contribúe á economía das familias e facilita o acceso a servizos básicos como a educación, fomentando entre os máis novos unha mobilidade máis sustentable e limpa.

A Xunta estende a gratuidade no transporte público aos menores de 21 anos de toda Galicia **desde o vindeiro 21 de maio**, coa utilización da tarxeta ‘Xente Nova’.

Este dispositivo, que ata o momento podía empregarse nas áreas de transporte metropolitano, na provincia de Ourense e en 13 concellos da área de Pontevedra, expandirase a toda a comunidade a partir do venres da próxima semana, permitindo que todos os menores de 21 anos viaxen de balde no autobús da Xunta, ademais de no barco no caso da ría de Vigo e no ferrocarril de vía estreita na **área de Ferrol**.

Esta tarxeta pode adquirirse en calquera das 213 oficinas de Abanca habilitadas nas catro provincias. Para empezar a empregala cómpre cargar a tarxeta cun saldo inicial co que se aboarán as viaxes e posteriormente será reintegrado no dispositivo.

Na páxina web www.bus.gal pode ampliarse a información relativa a este dispositivo e as vantaxes que leva asociadas, así como o listado de todas as sucursais habilitadas para a súa expedición e os servizos de transporte existentes en cada concello, cos correspondentes horarios e rutas.

Na actualidade, máis de 80.000 mozos menores de 21 anos xa viaxan de balde nos autobuses interurbanos da Xunta a través do emprego desta tarxeta.

A tarxeta permite realizar cada mes ata 60 viaxes interurbanas gratuítas. A súa recarga pode efectuarse nos caixeiros de Abanca ou nas oficinas habilitadas para expedila e tamén de xeito telemático mediante a banca móbil ou electrónica da citada entidade.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a traballar actualmente para que os usuarios poidan levar esta tarxeta directamente no móbil e facer as recargas sen necesidade dun caixeiro.

Iniciativa social

A tarxeta ‘Xente Nova’ é unha iniciativa social de fomento do transporte público que a Xunta puxo en marcha no **ano 2016** nas áreas de transporte metropolitano para permitir a gratuidade no transporte público a menores de 19 anos.

Esta iniciativa do Goberno galego, enmarcada no Plan de Transporte Público de Galicia, ten como obxectivos contribuír á economía das familias e facilitar o acceso dos mozos a servizos básicos como a educación, especialmente a non obrigatoria, ao tempo que se fomenta o uso do transporte público e, polo tanto, unha mobilidade máis sustentable e limpa entre os máis novos.